

Memoria de dirección

Curso 2020 - 2021



Índice

1. Situación xeral
 2. Obxectivos PXA
 3. Resultados académicos
 4. Avaliación do *Plan de Mellora*
 5. Actividades (vicedirección)
-



O curso 2020-2021 estivo marcado de comezo a fin pola situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia polo coronavirus SARS-CoV-2. A organización e funcionamento do centro estivo regulada polo *Plan de Adaptación á situación Covid19* e o *Plan de continxencia ante peche de aulas o do centro educativo*. Afortunadamente, do segundo non chegou a ser necesaria a súa posta en marcha.

O rexistro oficial Educovid recolle a apertura de 13 casos positivos entre o alumando, concentrados principalmente na segunda metade do mes de xaneiro. Porén, o número de afectados e, sobre todo, de contactos estreitos debeu ser superior aos casos rexistrados.

Lista de expedientes do protocolo COVID

Data alta	Trimestre	Casos	1.º ESO: 2	3.º ESO: 2	4.º ESO: 1	FPB: 2	1.º BAC: 4	2.º BAC: 2	Docentes: -	PAS: -	
22/04/2021	3.º trimestre	3									
06/03/2021											
03/03/2021											
04/02/2021	2.º trimestre	7									
31/01/2021											
31/01/2021											
21/01/2021											
19/01/2021											
15/01/2021											
15/01/2021											
20/11/2020	1.º trimestre	3									
04/11/2020											
03/11/2020											

TOTAL: 13


Contactos estreitos declarados no IES: 11

Cribado 2.º bacharelato

Salientamos o bo comportamento da comunidade educativa no cumprimento dos protocolos de prevención e seguridade. En especial, salientamos o labor do persoal de limpeza e servizos que mantivo todo o curso as medidas de hixiene e ventilación.

Ligazón:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/?q=node/2066>



COVID 19

- › Plan de adaptación
- › Plan de continxencia
- › Documentos

1. Obxectivos PXA

OBXECTIVO 1 Adaptación continuada das medidas de atención educativa e emocional de toda a comunidade á situación de emerxencia sanitaria.

OBXECTIVO 2 Avances na dixitalización dos servizos do centro: teledocencia, administración dixital...

Obxectivo 1: Adaptación continuada das medidas de atención educativa e emocional de toda a comunidade á situación de emerxencia sanitaria.

Enumeramos brevemente algunhas das actuacións máis importantes para a consecución deste obxectivo fulcral, e case único, no curso 2020-2021

- Nomeamento do equipo covid do centro.
Por conveniencia na carga horaria, recaeu no equipo directivo. Existiu formación en liña e apoio da administración. A transmisión das instrucións e protocolos de actuación demasiado extensos para a rápida aplicación esixida.
- Redacción e aprobación dos plans de adaptación e continxencia.
O plan de adaptación funcionou correctamente e, afortunadamente, o plan de continxencia con medidas como os horarios espellos non foi necesario activalo.
- Organización das aulas e espazos comúns.
Condiciou o funcionamento do centro.
- Observación das medidas de prevención e seguridade.
Coa normal evolución ao longo do curso, a comunidade educativa respondeu moi satisfactoriamente ás normas e restricións establecidas. Salientamos de xeito especial o labor do persoal de limpeza.
- Seguimento da aula covid.
Estivo operativa desde o primeiro ao último día.
- Coordinación co centro de saúde asignado.
En realidade non funcionou co centro asignado, pero si establecéronse comunicacións coa vertente sanitaria a través da aplicación Educovid.
- Reparto de máscaras segundo as remesas oficiais.
- Circulares ás familias. Comunicacions ao profesorado.
Empregouse principalmente o correo electrónico. Todas as circulares figuran na web do centro.
- Tratamento da situación e das medidas necesarias en todas as convocatorias de Claustro e Consello Escolar.

- Acreditación de necesidade de desprazamentos nos períodos de máxima alerta sanitaria e confinamento perimetral do concello de Mugarbos
- Atención educativa a distancia.
Conseguíuse plenamente en poucos casos do alumnado confinado. Na maioría foi fragmentada.
Avaliamos positivamente o avance das ferramentas dixitais (vid. Obxectivo 2)
- Aprobación do Programa de intervención ante as crises de ansiedade.
A redacción e principal carga na súa aplicación recaeu sobre o departamento de Orientación. Requiríuse a colaboración do EOE e dos servizos sociocomunitarios do concello de Mugarbos. Todos os casos estaban xa derivados ou propiciouse a derivación aos servizos sanitarios.
Foi unha medida moi necesaria e que necesitará ampliarse cara vindeiros cursos reconvertido en programas de benestar emocional da comunidade educativa.



CURSO 20-21
PROGRAMA DE INTERVENCIÓN ANTE AS CRISES DE ANSIEDADE
IES MUGARDOS

PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19
NO CURSO 2020-2021



PLAN DE CONTINXENCIA

Obxectivo 1: Avances na dixitalización dos servizo do centro: teledocencia, admistración dixital...


Engadiuse este obxectivo coa previsión da necesidade de contar con ferramentas tecnolóxicas e dixitais que garantan a atención educativa logo da experiencia do curso anterior. Acadáronse logros neste proceso e, sobre todo, unha conciencia da necesidade de afianzar os pasos xa conseguidos.

- Aumento do uso de ferramentas de comunicación dixital: dispoñibilidade do correo electrónico para o contacto coas familias, asentamento de AbalarMóviles, plataformas de videoconferencias...
- Melloras e incremento significativo no uso da Aula Virtual.
- Lixeiro aumento do uso da sede electrónica da Xunta de Galicia para trámites relacionados co instituto (procese de admisión, fondo solidario...)

- Formación do profesorado a través do CFR de Ferrol.
- Modificacións nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF) sobre a utilización dos teléfonos móbiles no horario lectivo.
- Mantemento do programa E—DIXGAL en 1.º e 2.º ESO e non ampliación a 3.º e 4.º ESO.


3. Resultados académicos

1.º ESO




■ Suspenden más de 3	4	3	1	4	6	1
■ Suspenden 3	0	1	2	3	1	2
■ Suspenden 1 ou 2	2	2	2	6	3	7
■ Aproban todo	12	12	13	6	9	9

2.º ESO




■ Suspenden más de 3	6	4	4	6	6	6
■ Suspenden 3	1	2	1	2	0	0
■ Suspenden 1 ou 2	1	2	1	2	3	0
■ Aproban todo	11	11	13	4	5	8

3.º ESO




■ Suspenden mais de 3	9	11	3	1	1	1
■ Suspenden 3	2	1	0	1	1	0
■ Suspenden 1 ou 2	3	2	6	2	3	1
■ Aproban todo	4	4	9	14	13	16

4.º ESO



■ Suspenden mais de 3	7	8	3	5	2	3
■ Suspenden 3	0	0	0	2	4	0
■ Suspenden 1 ou 2	2	3	3	2	2	5
■ Aproban todo	13	11	16	0	1	1


FPB I




FPB II

<i>FPB II</i>	Final Módulo	Final Ciclo
ACCESO FCT	6	1
TITULO FPB		5
FPB+ESO		1
Repiten		2

1.º BAC



2.º BAC



ABAU, xuño 2021


Centro			Localidade	Provincia	ABAU			Cualificación media		
					Present.	Aptos	% aptos	Bach.	Parte xeral	Diferenza
142	IES de Mugardos	Público	Mugardos	Coruña (A)	27	25	93%	7,78	6,024	1,76

Galicia

	ABAU		Cualificación media		
	Presentados	% aptos	Bacharelato	Parte Xeral	Diferencia
Media	39	95%	8,33	6,549	1,55
Desviación típica	27	8%	0,36	0,560	0,49
Intervalo de confianza (68%)	[12, 66]	[89% - 100%]	[7,74, 8,46]	[5,989, 7,109]	[1,06, 2,04]

IES de Mugardos

		ABAU			Bach	Parte xeral
		Present.	Aptos	% aptos	Cualif. media	Cualif. media
Matrícula	Ordinario	27	25	93%	7,78	6,024
	Adultos	0				
Modalidade bacharelato	Artes					
	Ciencias	12	12	100%	7,96	6,333
	Ciencias Sociais	10	8	80%	7,49	5,085
	Humanidades	5	5	100%	7,96	7,160
Sexo	Homes	8	8	100%	7,42	5,831
	Mulleres	19	17	89%	7,94	6,105
Total		27	25	93%	7,78	6,024
Bacharelato convocatorias anteriores		1	1	100%		



4. Avaliación do plan de mellora

A actual directiva fixou a mellora de resultados para o curso 2020-2021 nun **éxito escolar do 90% na ESO e o 80% no bacharelato**. Para a rendición destas contas, cómpre esperar á convocatoria extraordinaria de setembro.

Obxectivos:

1. Crear hábitos de traballo dentro e fóra da aula.
2. Reducir a conflictividade.
3. Mellorar a práctica docente.
4. Aumentar a implicación das familias.

Medidas:

Organización de centro	<i>Encargado</i>	<i>Temporalización</i>	<i>AVALIACIÓN</i>
<ul style="list-style-type: none">Planificación de calendarios trimestrais de exames finais.	Xefatura de Estudos Titorías	Comezo de cada trimestre.	Reduciuse o tempo na súa elaboración e cumpriuse todo o plan de traballo cos grupos, Debe mellorarse a coordinación de equipos docentes.
<ul style="list-style-type: none">Fortalecer as medidas de atención á diversidade: Reforzos, exención de 2.º lingua estranxeira, desdobres, adaptacións curriculares, plan de pendentes, ARCO...	Orientación Xefatura de Estudos Profesores	Curso	A atención da mestra de PT viuse condicionada polo cumprimento do protocolo covid. Bo funcionamento do programa ARCO e PROA+ Mellorar o seguimento das AC.
<ul style="list-style-type: none">Aplicar o Plan de Convivencia e mais o Plan de Acción Titorial para reducir todo o posible conflictividade, principalmente nos cursos iniciais da ESO.	Xefatura de Estudos Orientación Titorías Xunta de Delegados/as	Curso	O servizo de inspección avaliou este curso o departamento de inspección. Deberanse incorporar as medidas de mellora indicadas. Tamén se deberá abordar a mediación como estratexia de resolución de conflitos.
<ul style="list-style-type: none">Potenciar a Xunta de Delegados/as	Xefatura de Estudos	Reunións mensuais	Avaliada positivamente. Deberase afianzar con maior carga de contidos nas reunións.
<ul style="list-style-type: none">Coordinación das titorías con Orientación	Dept. Orientación	Reunións semanais	Ben.

Metodoloxía docente	<i>Encargado</i>	<i>Temporalización</i>	<i>AVALIACIÓN</i>
<ul style="list-style-type: none"> Reflexión e cambios nos criterios de cualificación: potenciar a avaliación do traballo na aula. 	Departamentos	Principio de curso: programacións	Deberíase incluír como punto forte nos próximos plans de mellora.
<ul style="list-style-type: none"> Traballo por proxectos e avaliación de competencias clave. 	Profesores	Un proxecto por trimestre. Proxecto de centro	Cumpríronse os mínimos establecidos neste aspecto. Cambiar o sistema para o informe de competencias (ESO).
<ul style="list-style-type: none"> Formación do profesorado: xestión de aula, convivencia e atención á diversidade, ABP, gamificación... 	Profesores Plan de Formación Per manente do Profesorado	Curso	Salientamos a formación no grupo SEMGAL.
<ul style="list-style-type: none"> Controlar sistemáticamente as actividades encomendadas, cun seguemento especial ao alumnado con dificultades. 	Profesorado	Curso	Avaliar a volta ao traballo con axendas nas titorías.

Comunicación coas familias	<i>Encargado</i>	<i>Temporalización</i>	<i>AVALIACIÓN</i>
<ul style="list-style-type: none"> Potenciar a comunicación: <ul style="list-style-type: none"> - Presencial: este curso limitarase a casos excepcionais segundo o Plan de adaptación covid. - Dixital: EDIXGAL, AbalarMóviles, páxina web, listas de correo, teléfono e videoconferencias 	Titorías Profesores Xefatura de Estudos	Curso	Aumentou a atención telefónica e medios electrónicos. Non puideron realizar reunións colectivas das persoas titoras coas familias do alumnado.
<ul style="list-style-type: none"> Colaboración e reunións periódicas coa ANPA. 	Dirección	Curso	Non foi posible polas circunstancias xerais e dos acontecementos das directivas.

MEMORIA DE VICEDIRECCIÓN

As principais funcións encomendadas ao cargo de vicedirección durante este curso foron: o cumprimento das normas de seguridade no entorno COVID, a coordinación e organización de actividades extraescolares e complementarias e a coordinación do Programa escolar de froita e leite na escola.

NORMAS DE SEGURIDADE

As normas de seguridade inclúen, entre outras, establecemento e comprobación da distancia de seguridade nos postos do alumnado nas aulas, laboratorios, pavillón, salón de actos e espacios de lecer; comprobación do uso correcto das máscaras ; comprobación da ventilación das aulas nos recreos; establecemento de itinerarios para circular polo Centro, creación (dentro do posible) de “ grupos burbulla “,...

COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A situación de pandemia fixo que este curso non se puidesen levar a cabo as actividades que se viñan facendo en anos anteriores, pois a normativa dictaba que nas actividades extraescolares (fóra do horario lectivo) tiñan que facerse responsables ben o Concello, ben a ANPA, o cal foi imposible.

Tivemos, aínda así, actividades presenciais e telemáticas. As presenciais con aforo limitado e as telemáticas coas dificultades de conexión derivadas da limitación na rede do Centro e da problemática debida á antigüidade / mediocre estado do equipamento informático.

RELACIÓN DE ACTIVIDADES DO CURSO 2020-21

Presenciais

- Contacontos para 1º de ESO.
- Obradoiros de saúde mental para 4º de ESO e Bacharelato.
- Obradoiros de educación afectivo-sexual para 2º e 3º da ESO.
- Charlas de Alcohólicos Anónimos para 3º e 4º de ESO e FPB.
- Charlas de Hábitos Saudables para 1º de ESO.
- Semana das profesións, para 3º e 4º de ESO, Bacharelato e FPB.
- Monólogo Senlleiras para 1º e 2º de ESO.
- Saídas pola contorna do alumnado de ESO, BAC e FPB.
- Remo na praia para todos os cursos da ESO.
- Debates, polo alumnado de 1º de BAC.
- Concurso de Danza Romana do museo do Caldoval participando alumnas de 4º de ESO.
- Obradoiros de Baile.
- Carreira de robots, con alumnado de 4 º de ESO.
- Pintando no muro, con alumnado de 1º, 2º e 3º de ESO.

Telemáticas

- Charla con Vicente Garrido para Bacharelato .
- El ritmo de los tiempos para a ESO.
- Obradoiros de ciberseguridade para 2º e 3º de ESO e FPB.
- Obradoiros de risoterapia para 1º e 2º de ESO .
- Charlas da USC para 2º BAC .
- Semana das profesións.

Todo isto, ademais das **actividades do Club de Ciencia**:

- Montaxe de omnipoliedro.
- Campionato de cifras e letras.
- Papiroflexia.
- Obradoiro de xadrez. .
- Grupo de resolución de problemas.
- Obradoiro de astronomía.
- Realización dalgúns experimentos físicos e químicos
- Xornadas de orientación, con carreira incluída.
- Introducción á impresión 3D.
- Canguro matemático interno do centro.

E de actividades/concursos/ exposicións propostas polos equipos da **Biblioteca e o EDL**:

- Concurso de audiovisuais sobre a Violencia de Xénero.
- Concurso de máscaras en diferentes categorías.
- Exposicións: Cinema de terror; Interpretando o expresionismo; Flores para a paz; Detrás dun gran home hai unha gran muller; A muller no cinema (estereotipos); O cinema galego.
- Creación dun vídeo do Día do Libro.
- 3ª edición do concurso “*Tes talento*” .
- Senlleiras das letras galegas.
- Festa dos maíos.

Tomamos parte este curso en dous estudos estatísticos da UDC e da USC:

- Acoso escolar entre estudantes de Secundaria.
- Victimización en jóvenes en contextos físicos y virtuales. Promoción de la seguridad en el ámbito educativo: implicaciones para la prevención policial.

O alumnado do IES participou tamén nas Olimpíadas Matemáticas de 2º de ESO e de Bacharelato, na que un alumno de 1º de BAC conseguiu unha mención, sendo salientable que é o segundo ano consecutivo en que un alumno do IES acadou este premio.

É previsible (e desexable) que o vindeiro curso sexa posible a realización de máis actividades extraescolares e complementarias de xeito presencial. Desde Vicedirección pídesse explicitamente que, de haber Semana das Profesións (o óptimo sería **decidilo nun Claustro**), sexa en datas non prexudiciais para o alumnado, xa que este ano os grupos de 2º BAC véronse afectados (para mal) por mor das perdas de sesións lectivas en datas moi próximas a exames. Cómpre tamén consultar co profesorado a dispoñibilidade de horas lectivas para realizar actividades doutras materias e planificar racionalmente datas e actividades.

IMPLICACIÓN DO ALUMNADO E PROFESORADO NAS ACTIVIDADES.

PLANS PROXECTA: Este ano houbo un Plan Proxecta: o PDC (proxecto deportivo de centro) Centros activos e saudables, a cargo de Edda Beltrán.

Hai que dicir que a meirande parte do profesorado implicouse moito nas actividades que, como mencionamos anteriormente, este curso foron máis complicadas que nunca debido ao protocolo COVID.

Temos que salientar a facilidade de coordinación existente entre Vicedirección e as responsables de Biblioteca e EDL xa que no noso horario había unha hora á semana para reunións e, cando esta hora non era dabondo, sempre buscamos (e atopamos) ocos para as xuntanzas. Do mesmo modo, sinalaremos a nula coordinación e a falta de comunicación cos demais equipos/ departamentos que, como moito, asistiron unha vez en todo o curso á reunión semanal pese a ter esa hora sinalada no seu horario.

MANTEMENTO DA COLABORACIÓN COAS INSTITUCIÓNS LOCAIS.

Este apartado segue a manterse nun estado óptimo. Non houbo moitas actividades por mor da suspensión das actividades lectivas presenciais, pero si houbo obradoiros formativos grazas á mediación-subvención da concellería de Asuntos Sociais do Concello e diferentes entidades: habilidades sociais, sexualidade, iguldade,...

Tamén o Concello facilitou ao IES medidores de dióxido de carbono para comprobar a salubridade dos espazos.

PROGRAMA ESCOLAR DE FROITA E LEITE

Un ano máis participamos no Programa escolar Froita e Leite, para alumnado de ESO, con distribución dos produtos en dous períodos: en xaneiro e febreiro e abril e maio. Este curso subministrounos a empresa GADIS (mazás e plátanos e leite con e sen lactosa).

A froita presenta o problema da pouca durabilidade, polo que houbo que poñela tamén a disposición do alumnado de Bacharelato e FPB. Como (triste) anécdota sinalaremos guerras de plátanos e/ou mazás.

O leite presenta menos problema no sentido de conservación, máis non ten moita aceptación entre a rapazada en xeral. Causaron problema tamén as pelexas cos cartóns, derramando leite por aulas, baños ou corredores.

De seguir co Programa o vindeiro curso, será moi desexable que o profesorado de garda de recreo controle especialmente o alumnado que queda nas aulas, por se houberse ganas de repetir as pelexas.